CA3.10 Calculáronse, logo da elaboración da receita, os valores económicos e nutricionais.	• OU.3 - Rúbrica sobre traballo monográfico	N	5
CA3.11 Desenvolvéronse os procedementos intermedios e finais de conservación tendo en conta as necesidades dos produtos obtidos e o seu uso posterior.	• TO.7 - Proba de desenvolvemento sobre un produto culinario	N	5
CA3.12 Realizáronse as operacións tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental.	• TO.8 - Proba de desenvolvemento sobre un produto culinario	S	5
TOTAL			100

4.4.e) Contidos

Contidos
Transformacións fisicoquímicas dos alimentos: descrición e características.
Calidades organolépticas das materias primas: valoracións salientables e combinacións básicas.
Realización de receitas de diferentes tipos e de fichas técnicas de produción.
Identificación de alternativas e modificacións das técnicas de cociña con respecto ás calidades e ás características das materias primas.

Contidos
Procedementos de execución dos produtos culinarios. Fases, técnicas e puntos clave. Control e valoración de resultados.

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Produtos culinarios a partir dun conxunto de materia prima - Elaboración de produtos culinarios determinados.	<ul style="list-style-type: none"> Contextualización da unidade. Explicación dos contidos UD. Propoñer tarefas. 	<ul style="list-style-type: none"> Tormenta de ideas. Deseño e execución posterior de produtos culinario con mestura de diferentes materias primas. Realización dun recetario e das correspondentes fichas técnicas. 	<ul style="list-style-type: none"> Deseño e execución dun menú. Recetario. 	<ul style="list-style-type: none"> Cañón de vídeo. Diapositivas. Internet. Manuais. Taller de cociña. Materia prima. Aula virtual. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Rúbrica sobre o traballo monográfico OU.2 - Rúbrica sobre o traballo monográfico PE.1 - Proba de coñecementos sobre os contidos asociados. TO.1 - Proba de desenvolvemento sobre un produto culinario TO.2 - Proba de desenvolvemento sobre un produto culinario TO.4 - Proba de desenvolvemento sobre un produto culinario TO.5 - Proba de desenvolvemento sobre un produto culinario TO.6 - Proba de desenvolvemento sobre un produto culinario TO.7 - Proba de desenvolvemento sobre un produto culinario 	90,0
Avaliación - Avaliar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.	<ul style="list-style-type: none"> Preparación, explicación, corrección, avaliación e supervisión das diferentes actividades de avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar as probas de avaliación según o establecido. 	<ul style="list-style-type: none"> Probas resoltas. 	<ul style="list-style-type: none"> Aula polivalente coa dotación habitual (mesas, cadeiras, ordenador e proxector, pizarra...). Aula taller de cociña e materias primas. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.2 - Rúbrica sobre o traballo monográfico OU.3 - Rúbrica sobre traballo monográfico PE.1 - Proba de coñecementos sobre os contidos asociados. 	10,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					<ul style="list-style-type: none"> • PE.2 - Proba sobre os contidos asociados. • TO.3 - Proba de desenvolvemento sobre un produto culinario • TO.4 - Proba de desenvolvemento sobre un produto culinario • TO.5 - Proba de desenvolvemento sobre un produto culinario • TO.6 - Proba de desenvolvemento sobre un produto culinario • TO.8 - Proba de desenvolvemento sobre un produto culinario 	
TOTAL						100,0

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Gastronomía galega con innovación.	110

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora produtos culinarios da gastronomía galega aplicando técnicas e tecnoloxías innovadoras, e formula variacións e alternativas.	SI

4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.2 Analizar e describir as novas tendencias gastronómicas. 1.3 Identificar maquinaria de nova tecnoloxía.	1	Gastronomía galega e novas tendencias.	100,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Contextualizar e coñecer os obxectivos e contidos da unidade didáctica, así como, avaliar os coñecementos previos do alumnado			
1.4 Aplicar tecnicas usando maquinaria de nova tecnoloxía.			
1.5 Aplicar novas tecnoloxías aos pratos clásicos.			
2.1 Avaliar a adquisición de coñecementos mediante a realización de probas de coñecementos e de desenvolvemento.	2	Avaliación	10,0
TOTAL			110

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Analizáronse as novas tendencias gastronómicas e achegáronse ideas válidas e con posibilidades de aplicación práctica.			
CA1.1.1 Describíronse as novas tendencias gastronómicas relacionadas coa nosa comunidade	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Proba sobre os contidos asociados a unidade. 	S	20
CA1.2 Identificouse a maquinaria de nova tecnoloxía empregada na produción culinaria, asociada ás técnicas culinarias avanzadas e/ou innovadoras.	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Proba de coñecementos. Pregunta sobre a maquinaria de nova tecnoloxía 	N	10
CA1.3 Valorouse a importancia das técnicas culinarias avanzadas en diversos ámbitos produtivos, e a súa contextualización no sector en Galicia.	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Enquisa/traballo monográfico 	N	20
CA1.4 Aplicáronselles novas técnicas e tecnoloxías aos pratos clásicos, e comparáronse os resultados, incluíndo as especificidades relativas aos pratos salientables da cociña galega.			
CA1.4.1 Executáronse e aplicáronse as novas tendencias e tecnoloxías en relación a pratos da cociña da nosa comunidade.	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - Porba de desenvolvemento 	S	30
CA1.5 Atendeuse o servizo desde a cociña, respondendo de xeito significativo á oferta deseñada previamente no módulo e realizando o empratamento dos produtos culinarios, experimentando con novas fórmulas e tendencias de servizo e presentación propias da gastronomía galega innovadora e actual.	<ul style="list-style-type: none"> TO.2 - Proba de desenvolvemento sobre un produto culinario 	N	20
TOTAL			100

4.5.e) Contidos

Contidos
Rasgos más destacables de la historia y de la evolución de la cocina gallega: referentes más destacables del ámbito culinario innovador en el sector en Galicia, y análisis de las elaboraciones culinarias que vienen resultando más viables.
Cocina gallega de mercado: productos, platos y tratamientos culinarios y de presentación más relevantes.
Cocina gallega creativa en nuevas tendencias gastronómicas: interpretación de estas elaboraciones más significativas y valores gastronómicos.
Apreciación y puesta en valor de la cocina, y uso de ésta como modo propio de innovación en el sector en Galicia.
Experimentación y evaluación de combinaciones innovadoras con las materias primas gallegas con más potencial de futuro: fases, técnicas y puntos clave. Control y valoración de resultados.
Aplicación y empleo de las novedades técnicas y tecnológicas en las elaboraciones culinarias propias de Galicia y su presentación: vacío, centrifugado, ultrasonidos, nitrógeno líquido, microfiltrado, etc.
Elaboración de productos culinarios no considerados tradicionalmente por la gastronomía clásica gallega.

4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Gastronomía galega e novas tendencias. - Evolución histórica da cociña galega. Tradición e modernidade.	<ul style="list-style-type: none"> Contextualización, avaliación de coñecementos previos. Explicación dos contidos UD. Proponer e supervisar diferentes tarefas. 	<ul style="list-style-type: none"> Tormenta de ideas sobre coñecementos previos. Toma de apuntes e análise da gastronomía galega Busqueda e clasificación das elaboracións e cociñas da gastronomía galega (tradicional vs innovación). Execución das novas técnicas. 	<ul style="list-style-type: none"> Menús con novas tendencias. Servizos. 	<ul style="list-style-type: none"> Recetarios. Bibliografía. internet. Libros de texto. Canón. Videos. Taller de cociña. Materia prima 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Enquisa/traballo monográfico PE.2 - Proba de coñecementos. Pregunta sobre a maquinaria de nova tecnoloxía TO.1 - Porba de desenvolvemento TO.2 - Proba de desenvolvemento sobre un produto culinario 	100,0
Avaliación - Avaliar os contidos relacionados coa Gastronomía galega e novas tendencias.	<ul style="list-style-type: none"> Elaboración e valoración de probas de avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> Realización das probas de avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> Probas resoltas. 	<ul style="list-style-type: none"> Aula polivalente coa dotación habitual (mesas, cadeiras, ordenador e proxeccionador, pizarra...). Aula taller de cociña e materias primas. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Proba sobre os contidos asociados a unidade. TO.1 - Porba de desenvolvemento TO.2 - Proba de desenvolvemento sobre un produto culinario 	10,0

TOTAL

110,0

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

5.a) Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva están especificados no apartado 4.c de cada unha das unidades desta programación. Estes son:

UD1:

CA1.1. Caracterizáronse os ámbitos da produción e do servizo en cociña. (Recoñecer sistemas de restauración: directa, diferido, linea fría, linea quente...).

CA1.2. Determináronse as fases da produción e do servizo en cociña, e estableceuse a súa secuencia e a súa temporalización. (Diagramas de fluxo dos procesos productivos. Fichas técnicas, ordes de servizo, pedidos...).

CA1.3. Deducíronse as necesidades de materias primas, equipamentos, útiles, ferramentas, etc. (Recoñecer/identificar o material e género necesario para realizar unha/s elaboración/s).

CA1.4 - Identificáronse as técnicas de elaboración que se deben aplicar en función das fichas técnicas. (Identificar as técnicas de cocción asociadas a unha/s elaboración/s).

CA1.7.1, Describíronse os procedementos intermedios de conservación tendo e conta as necesidades das elaboracións e o tipo de produción e servizo das mesmas. (Coñecer o proceso de conservación asociado a unha/varias elaboracións).

UD2

Na proba escrita:

CA2.1.1 - Identificáronse as técnicas culinarias: cociña territorial española, internacional. Cociña de tempada e creativa. (Diferentes tipos de elaboracións das cociñas territoriais, internacionais, que é a cociña creativa e de tempada).

Os relacionados coa proba de desenvolvemento e/ou traballos monográficos os:

CA2.3 - Valorouse a importancia destas técnicas culinarias avanzadas nos ámbitos produtivos, xunto coa persistencia das tradicionais, en situacións e contornos determinados. (Enquisa sobre influencia das técnicas

culinarias avanzadas na gastronomía do país).

CA2.4, Realizáronse as tarefas de organización, secuencia e temporalización das operacións necesarias para a elaboración dos produtos culinarios. (Correcta organización na produción das elaboracións según o preestablecido).

CA2.7.1 - Realizáronse as elaboracións pertinentes e desenvolveuse o servizo de cociña seguindo o establecido. (Levar a cabo elaboracións segundo o preestablecido e realizar o servizo "X" seguindo as pautas estipuladas) e CA2.9 - Realizáronse as operacións tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental. (Uniformidade establecida, aseo persoal adecuado, manipulación de alimentos adecuada, reciclaxe, APPCC, seguridade no traballo: non correr, non facer barullo desproporcionado no taller, boa utilización coa maquinaria, sen aneis nin pulseiras nin reloxs...).

UD3

Na proba escrita o: CA4.1 - Recoñécéronse os tipos de necesidades alimentarias específicas. (Coñecer/ caracterizar as diferentes alerxias, intolerancias e dietoterapias máis habituais na poboación: sen glute, sen lactosa, alérxenos do RD vixente, diabetes, hiposódica, etc.)

Na proba de desenvolvemento e outras probas/traballo: CA4.5 - Elaboráronse os pratos seguindo os procedementos establecidos, e evítáronse cruces con alimentos excluídos. (Levar a cabo elaboracións de diferentes tipos de dietas estudadas na unidade tendo en conta a contaminación cruzada e a seguridade alimentaria). e CA4.7 - Realizáronse as operacións tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental. (Uniformidade establecida, aseo persoal adecuado, manipulación de alimentos adecuada, reciclaxe, APPCC, seguridade no traballo: non correr, boa utilización coa maquinaria, sen aneis nin pulseiras nin reloxs...).

UD4

Proba escrita CA3.1.1 - Descríronse e caracterizáronse as transformación dos alimentos, calidades organolépticas. (Transformacións fisicoquímicas dos alimentos, os sentidos para compoñer pratos, foodparing: diseñar pratos con X ingredientes).

Na proba de desenvolvemento e/ou traballos monográficos os CA3.5 - Realizáronse en tempo e forma adecuados as tarefas de organización e establecemento da secuencia de fases necesarias no desenvolvemento dos produtos (Realizouse a proba establecida no tempo estipulado).

CA3.7.1 - Na produción de pratos, obtivéronse os produtos culinarios seguindo os procedementos establecidos. (Realizar pratos con diferentes tipos de ingredientes que se establezan). CA3.9 - Confeccionouse un recetario e fichas técnicas con todas as elaboracións realizadas ao longo do curso ou do ciclo. (Entrega dun recetario en tempo e forma que se estableza das elaboracións realizadas dende inicio de curso ata o momento de efectuar entrega do traballo, preferiblemente na AV). e CA3.12 - Realizáronse as operacións tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental. (Uniformidade establecida, aseo persoal adecuado, manipulación de alimentos adecuada, reciclaxe, APPCC, seguridade no traballo: non correr, non berrar, boa utilización coa maquinaria e uso de material propio, sen aneis nin pulseiras nin reloxs...).

UD5:

Na proba escrita o CA1.1.1 - Descríronse as novas tendencias gastronómicas relacionadas coa nosa comunidade. (Recoñecer as novas tendencias no mundo gastronómico, así como novas técnicas aplicadas na cociña actualmente, cociñeiros de renome....) e na proba de desenvolvemento o CA1.4.1 - Executáronse e aplicáronse as novas tendencias e tecnoloxías en relación a pratos da cociña da nosa comunidade. (Realización de elaboracións aplicando novos avances tecnolóxicos según o establecido).

5.b) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DO MÓDULO:

Neste módulo as avaliacións trimestrais non serán de tipo continuo, cada avaliación terá unidades e temáticas diferentes, e serán avaliadas de forma independente.

Será preciso superar positivamente os mínimos exixibles establecidos para aprobar o módulo.

PORCENTAXES PARA A CUALIFICACIÓN DESTE MÓDULO:

UD1. As probas e /ou traballos monográficos terán un peso do 100%.

Resto de UD:

PROBA ESCRITA (30%).

Realizarase unha proba escrita por unidade didáctica, ou ao menos 1 por avaliación. Será preciso superar os mínimos exixibles establecidos nesta programación para aprobar este módulo.

Procedementos da proba escrita:

Os exames serán de tipo test, preguntas curtas e/ou de cumprimentación dos procesos necesarios en relación a unha ficha técnica, según proceda e atendendo aos correspondentes contidos do módulo.

No caso de ter varias probas será a media das notas obtidas a que nos dará a cualificación final neste apartado, según o peso de cada UD dentro do total do módulo.

PROBA DE DESENVOLVEMENTO, SUPOSTOS TEÓRICO-PRÁCTICOS E/OU TRABALLOS MONOGRÁFICOS (70%)

Realización de elaboracións semellantes ás elaboradas no taller de cociña, correspondentes a cada UD. Será preciso superar os mínimos exixibles asociados e establecidos nesta programación para aprobar este módulo. Avaliados mediante rúbricas, listas de cotexo e/ou taboas de observación.

Realizarase ao menos unha proba de desempeño por unidade, sempre que sexa posible, en todo caso realizarase 1 por avaliación. No caso de ter varias probas, a nota será a media das cualificacións obtidas a que nos dará a cualificación final neste apartado, según o peso de cada UD .

O alumnado será informado debidamente de aqueles CA que se avaliarán deste xeito e en que porcentaxe da nota total da unidade.

Traballos monográficos, supostos teóricos-prácticos, probas de desenvolvemento no transcurso da práctica de taller e/ou outras actividades prácticas no taller, serviránnos tamén para avaliar. Traballos individuais e/ou grupais nos que se valora a estrutura e dominio de contidos, dinámica de traballo, exposición (se é o caso) e utilización de recursos, habilidades e destrezas. Computarán no porcentaxe do 70% da nota, según os CA asociados no apartado 4c da presente programación.

O alumnado será informado debidamente de aqueles CA que se avaliarán deste xeito e en que porcentaxe da nota total da unidade.

A nota da 1ª e 2ª avaliación son parciais, e será a media ponderada das UD que se impartan en cada avaliación. A 3ª avaliación, é a nota final, é dicir, a media ponderada de todas as UD do módulo, segundo o peso que teña cada unha das UD dentro do módulo, e non, a cualificación obtida na 3ª avaliación.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

a) Alumnado que suspende algunha avaliación parcial:

Aquel alumnado que non supere positivamente os CA mínimos esixibles dalgunhas das UD tratadas durante cada avaliación parcial, poderá realizar a recuperación pertinente, unha vez cerrada a avaliación parcial; ben sexa, en forma de proba escrita, probas teórico-prácticas, de traballos escritos, probas de desenvolvemento, mapas conceptuais... Se aínda así, non supera os CA, establecidos como mínimos, correspondentes a cada UD, será avaliado única e exclusivamente deses CA que non superou con anterioridade, nunha proba final no mes de xuño.

b) Alumnado que suspenda o módulo na 3ª avaliación previa a avaliación final. Recuperación final en xuño.

Realizarase e entregarse ao alumnado un informe individualizado especificando aquelas partes que debe recuperar, que probas prácticas, teórico-prácticas e/ou escritas debe realizar e como e cando serán as clases de recuperación/reforzo. De igual xeito, especificarase no informe a data e hora da proba de recuperación extraordinaria (mes de xuño).

c) Reforzos para lograr a recuperación:

-Deseñaranse unha serie de actividades de recuperación para aqueles alumnos/as que necesiten reforzo, sobre todo, naqueles puntos de maior carencia, corrección de exercicios e realización de probas, así mesmo, proporanse, para cada un deles e de xeito individualizado, repetición das actividades relacionados cos obxectivos non acadados, repetindo explicacións de forma mais sinxela e aplicando o nivel de axuda documental e asesoramento por parte do profesor.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A Orde do 12 de xullo de 2011 establece que o alumnado con perda de dereito a avaliación continua, ten dereito a realización dun exame final no mes de xuño.

O sistema extraordinario de avaliación para este alumnado consistirá:

- Proba de desenvolvemento ou teórico-prácticas similares as actividades prácticas realizadas ao longo do curso na aula/taller.
- Entrega de traballos escritos, se é o caso, que o alumno presentará en tempo e forma (a criterio do profesor).
- Proba escrita de todo o módulo.

Para aprobar o módulo é, condición imprescindible, superar todos os mínimos establecidos para cada unhas das UD.

Sinalar que para o alumnado con perda do dereito á avaliación continua, terase en conta o que establece o artigo 25.3 da Orde do 12 de xullo de 2011: O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e

laborais do alumno ou alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro, e que poderá seguir asistindo a clase con carácter presencial salvo en actividades que impliquen riscos tal e como establece a normativa vixente no seu artigo 25.4. O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos e ás alumnas que teñan perdido o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións.

A este respecto, e para informar ao alumnado, o centro enviará un apercibimento ao alumno ou á alumna cando as faltas de asistencia, nun determinado módulo, superen o 6% da súa duración total. Nel indicárase que perderá o dereito á avaliación continua no módulo se acumúlase un 10% de non asistencias con respecto á súa duración total. Cando as faltas de asistencia alcancen a citada porcentaxe, comunicárase a perda do dereito á avaliación continua.

Na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da perda do dereito á avaliación continua.

Será necesario confirmar asistencia as probas para unha correcta xestión e organización das mesmas (espacios, pedidos de mp necesaria...).

Imprescindible asistir uniformado, co equipamento e documentación correspondente e necesaria para a realización das probas.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

- Seguimento programación:

A orde de avaliación no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións, ademais a programación será revisada ao inicio de curso e entregárase unha memoria final de curso.

Para o seguimento mensual da programación utilizarase a aplicación: edu.xunta.gal/programacións

Para a memoria final utilizaremos o modelo que se atopa na web de educabilidade.

- Avaliación da propia práctica docente.

O profesorado será avaliado mediante as enquisas que o centro realiza dentro do programa de calidade. Tamén, se poderán realizar enquisas ao alumnado, na aula virtual, sobre diferentes aspectos que a docente estime oportuno para unha mellor consecución do proceso de ensinanza-aprendizaxe do módulo, ao longo do curso escolar.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Tal e como se establece na lexislación vixente, Orde do 12 de xullo de 2011, no seu artigo 28: Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e alumna, así como, as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Para este módulo pasarase durante as primeiras sesións do curso, un cuestionario de avaliación inicial (sobre coñecementos previos, intereses e motivacións do noso alumnado) que se complementará cos datos proporcionados polo titor/a, na avaliación inicial do sistema de calidade do centro, e datos de información de matrícula.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O carácter de avaliación debe permitir, a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas. Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento, darase un apoio educativo personalizado, determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades propoñendo traballos e actividades de reforzo, que lle permitan acadar as capacidades asociados aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.

No caso en que non sexa posible garantir a consecución efectiva dos resultados da aprendizaxe, o equipo docente poderá propoñer a través do departamento de Orientación, a solicitude de flexibilidade horaria, tal e como establece a Orde do 12 de xullo de 2011 no seu artigo 15. De acordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

É importante sinalar que ao longo do módulo traballarase coa educación en valores non só a través do traballo con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso traballo de aula-taller-obradoiro, para este módulo podemos destacar:

- Educación para a igualdade: Estará sempre presente, xa que logo, en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.

- Educación ambiental: É fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc.,

insistir na reciclaxe e na conservación.

- Educación para a saúde: É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exerce-rán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiás do seu emprego.
- Educación para a convivencia: Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de probas, etc.
- Educación do consumidor: Fomentando entre os alumnos un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo (aula, material informático,talleres,...)
- Interculturalidade: Traballando dende o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo; entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnos de outras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Actividades complementarias

Entre outras que poidan xurdir ao longo do curso escolar:

- Semanas ou xornadas gastronómicas. Ex. Xornada de elaboración de dietas coa colaboración de outros módulos do ciclo (EIE, OG).
- Presentación de produtos e equipos.
- Conferencias e charlas especializadas. Ex. ACEGA
- Talleres relacionados coa educación en valores, como por exemplo, taller de reciclaxe.
- Cata de produtos tradicionais galegos (aceites, queixos, pans, mel de Galicia...).
- Charlas sobre produtos de tempada.
- Servizo de self-service e servizo de ceas do centro.

Actividades extraescolares previstas:

- Participación no Forum Gastronómico A Coruña e outras feiras de gastronomía na cidade ou arredores, como pode ser a Feira de Biocultura.
- Visitas a mercados ou empresas especializadas de alimentación.(Ex: Biosbardos).
- Participación en concursos gastronómicos. Ex.Xata Asturiana. Sempre que conte con alumnado participante.
- Saída didáctica, de varios días de duración, xunto aos compañeiros de CM SERES e CS DIRSE para coñecer a gastronomía española e a do país veciño (Porto, Huelva, Extremadura e Salamanca).

As actividades complementarias, cando o implique a súa propia natureza, consideraranse extraescolares.

Dentro das actividades complementarias e extraescolares encádranse, ademais das detalladas arriba, aquelas que se poidan xurdir dentro da organización do departamento de hostalería e do propio centro educativo, e sexan de proveito para o alumnado.

10. Outros apartados

10.1) Secuencia e tempo asignado para o desenvolvemento de cada unidade didáctica

As actividades lectivas para este módulo, según o calendario escolar para este curso, iniciaranse o 11 de setembro de 2023 e rematarán en de xuño de 2024, segundo recolle a Orde do 24 de maio de 2011 no seu artigo 5º, independentemente do número mínimo de horas mínimas establecidas no currículo do módulo.

A posibilidade de estruturar un programa práctico secuenciado coa lóxica tradicional, rematar unha UD para seguidamente comezar ca seguinte, crea múltiples e numerosos problemas, entre outros podemos citar:

-Económicos, o feito de que algúns produtos que se elaboran, ó ser perecedoiros, debemos darlles saída e consumilos mediante un servizo de menú, carta, take-away, self-service... para os propios alumnos ou para terceiros.

-De adaptación á realidade do mundo productivo, pois a empresa de restauración funciona servindo diariamente os seus produtos mediante a oferta de menús e cartas, nos que se dan unha variedade de produtos e distintos sistemas de cociñado executados simultaneamente. A escola, na medida das súas posibilidades, debe adaptarse a este sistema para facer máis fácil e menos traumático o paso do alumno ó mundo laboral.

Por estas razóns, os contidos estruturáronse segundo un sistema lóxico, para facilitar unha visión da materia en xeral pero, que á súa vez, en ocasións terán que ir encaixando a realidade de organización do propio centro.

O docente determinará o momento no que se deben afrontar as elaboracións, tendo en conta a destreza dos alumnos.

Ademais dos factores citados, podemos engadir outros, como:

-Avaliación inicial do alumno.

-Estacionalidade.

-Situación orzamentaria.

-Regras gastronómicas.

-Posibilidades do mercado.

-Valoración nutricional.



10.2) Metodoloxía

En canto a avaliación, prográmase realizar probas de avaliación en cada unha das UD que conforman este módulo, onde a media da avaliación parcial será a media ponderada das unidades tratadas. No suposto, que por razóns de xestión do centro, eventos, saídas, etc., non sexa posible realizalo deste xeito, realizarase ao menos 1 proba escrita e outra desenvolvemento por avaliación, avaliando os correspondentes CA e sendo necesario superar os CA mínimos establecidos en cada UD.

Realizaremos clases explicativas (teoría), onde o alumnado tomará apuntes e realizará traballos e exposicións destes, tanto en grupo como individual ou parexas. No taller aplicarase metodoloxía por descubrimento, sempre con apoio e explicacións da docente. Tamén por exposición.

10.3) Recursos

Usaremos a aula virtual como ferramenta para ampliar contidos e incitar o uso das novas tecnoloxías no ámbito educativo. Así como, para a publicación do temario de cada UD, a entregas de traballos e/ou tarefas.

Propoñerase a recomendación de mercar o libro de PC da Edit. Altamar.

10.4) Subcriterios

En algunhas unidades didácticas deste módulo faise necesaria a subdivisión de Criterios de Avaliación debido a cantidade de contidos abordados en cada RA e a necesidade dunha mellor aprendizaxe para o alumnado e das necesidades propias dos talleres e sistema de funcionamento do centro educativo.